



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

Proxecto Educativo

Data elaboración: curso 2019-20

Presentado a valoración do claustro o 11 de marzo de 2020

Pendente de presentación do consello Escolar:

CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

**A Proba de Navia de Suarna
Lugo**

Proxecto educativo

1. DOCUMENTOS QUE ORGANIZAN O NOSO CENTRO.....	4
1.1 Proxecto educativo de centro.....	4
1.2 Documentos anuais.....	5
1.2.1 PXA: Programación xeral anual.....	5
1.2.2 Memoria anual.....	6
2. CONTEXTO.....	6
2.1 Descrición xeográfica da comarca.....	6
2.2 Análise do contexto socioeconómico.....	7
2.3 Características da oferta sociocultural do concello.....	7
3. IDENTIDADE.....	8
3.1 Características do Centro.....	8
3.1.1 Datos xerais.....	8
3.1.2 Situación xurídica.....	8
3.1.3 Oferta educativa, materias de libre configuración e oferta de optativas.....	9
3.1.4 Instalacións.....	9
3.1.5 Servizos complementarios.....	11
3.1.5.1 Comedor escolar.....	11
3.1.5.2 Transporte.....	12
3.1.6 Horarios xerais do centro.....	12
3.2 Alumnado.....	14
3.3 Familias.....	14
3.4 Profesorado.....	15
3.5 Persoal non docente.....	16
3.6 Lingua de aprendizaxe e administrativa.....	16
3.7 Características singulares do centro.....	16
4. VALORES E PRINCIPIOS EDUCATIVOS.....	17
4.1 Valores.....	17
4.2 Principios educativos.....	18
4.2.1 De ámbito pedagóxico.....	18
4.2.2 De ámbito institucional.....	19
5. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS EDUCATIVOS.....	20
5.1.1 Educación Infantil.....	20
5.1.2 Educación Primaria.....	20
5.1.3 ESO.....	22
6. LIÑA PEDAGÓXICA DO CENTRO.....	24
6.1 Criterios Metodolóxicos de carácter xeral.....	24
6.2 Criterios xerais sobre a elaboración das programacións didácticas.....	26
6.3 Elementos das programacións didácticas do centro.....	29
6.4 Agrupamento do alumnado.....	30
6.5 Os espazos.....	30
6.6 O tempo. A confección dos horarios.....	31
6.7 Os materiais e os recursos didácticos.....	32
6.7.1 Gastos de funcionamento dos titores, departamentos e profesorado en xeral para materiais e recursos didácticos.....	32
6.8 Os deberes e o traballo para casa.....	32
6.9 Actividades educativas fóra da aula e do centro.....	34

6.9.1	Criterios de selección das actividades complementarias.....	34
6.9.2	Criterios de organización de actividades complementarias.....	35
6.9.3	As actividades extraescolares.....	36
7.	LIÑAS XERAIS SOBRE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	37
7.1	Programa de recuperación para alumnado con materias pendentes e que non promocióne.....	39
8.	TRATAMENTO TRANSVERSAL DOS VALORES.....	40
9.	A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE.....	41
9.1	Criterios xerais sobre avaliación, promoción e titulación.....	41
9.1.1	Definición de obxectivos, contidos, competencias básicas, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis.....	41
9.1.2	A avaliación e promoción na Educación Infantil.....	42
9.1.3	A avaliación na Educación Primaria.....	43
9.1.3.1	Criterios de avaliación e promoción na EP.....	44
9.1.4	A avaliación na ESO.....	48
9.1.5	Criterios de avaliación, promoción e titulación na ESO.....	50
9.2	Criterios para asignar matrículas de honra e mencións honoríficas.....	55
9.3	Tipos e momentos da avaliación.....	56
9.3.1	Avaliación inicial.....	56
9.3.1.1	Avaliación continua.....	56
9.3.2	Sesións de avaliación: ordinarias, final de xuño e extraordinaria de setembro.....	57
9.3.3	Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente.....	58
9.4	Mecanismos para garantir unha avaliación obxectiva do alumnado.....	59

1. DOCUMENTOS QUE ORGANIZAN O NOSO CENTRO

O noso centro, para exercer a súa autonomía, no marco da lexislación vixente, e para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, deberá desenvolver e concretar unha serie de documentos que sirvan como instrumento de planificación, guía para a práctica e como instrumento para o seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe no termo amplo do mesmo:

1.1 Proxecto educativo de centro.

É o instrumento de planificación que define as notas de identidade do centro, concreta as intencións educativas e serve para lles dar sentido e orientación ás actividades do centro, explícita o modelo de organización. É o documento presente e con ese fin responde a plasmar de xeito coherente a actividade educativa adoptada despois dunha análise da realidade e do contorno socioeconómico e cultural onde radique o centro.

Nel están incluídos :

- NOFC. Documento anexo aprobado no curso 2018-19
- Plan de convivencia. Documento anexo aprobado no curso 2018-19
- Plan de autoprotección do centro. Documento anexo modificado aprobado no curso 2018-19
- Proxecto lingüístico de centro. Documento anexo modificado aprobado no curso 2018-19
- Plan de orientación e acción tutorial. Documento anexo
- Plan de Igualde. Documento Anexo aprobado no curso 2018-19
- Plan de Atención á diversidade. Documento anexo aprobado no curso 2018-19
- Plan de Biblioteca. Documento anexo
- Plan de integración das TIC/ Proxecto de educación dixital. Documento anexo.
- Plan de promoción de estilos de vida saudables. Documento anexo
- Plan específico personalizado para alumnado repetidor e recuperación de materias pendentes

1.2 Documentos anuais

Realizaranse anualmente os seguintes documentos:

1.2.1 PXA: Programación xeral anual.

É o documento que explicita de forma operativa as instrucións e plans para desenvolver o curso escolar segundo o establecido nos documentos do centro. Incluirá, entre outros, os seguintes documentos:

- Plan anual onde se recollan os obxectivos para o ano, recursos.
- Horario xeral do centro.
- Organización de servizos complementarios.
- DOC: Documento de organización do centro, horarios, ...
- Programa anual de actividades complementarias e extraescolares
- Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega
- Programa de formación do profesorado no centro.
- Proxecto de orzamento
- Outros programas nos que participe o centro: clube de lectura, clube de ciencias, proxecto lanzadeiras, contratos-programa, ...
- Programacións didácticas
- Concreccións anuais de:
 - Plan de biblioteca e plan lector de centro
 - Plan de atención á diversidade
 - Plan de Orientación e plan de acción tutorial
 - Addenda plan lingüístico de centro
 - Plan centro plurilingüe, auxiliar de conversa
 - Plan de convivencia
 - Plan de igualdade
 - Plan Integración TIC Educación Dixital Edix-Gal
 - ...

1.2.2 Memoria anual

Representa o instrumento de avaliación de todo o proceso educativo no centro. Ao rematar o curso escolar, o Consello Escolar, o Claustro de Profesores, e o equipo directivo avaliarán, cada quen no ámbito das súas competencias, o grao de cumprimento dos distintos documentos que constitúen a programación xeral anual, establecendo, se é o caso, as medidas correctoras oportunas. É moi importante que sexa un documento que sirva para a reflexión sobre a practica docente, e polo tanto sexa útil aos membros da comunidade educativa de cara a perseguir unha maior eficiencia e calidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

O centro ten uns documentos normalizados elaborados pola inspección de Lugo encursos pasados e que serán os empregados, con carácter xeral e salvo ulteriores acordos ou novas instrucións da inspección, para a elaboración das memorias.

2. CONTEXTO

2.1 Descrición xeográfica da comarca

O CPI Plurilingüe de Navia de Suarna atópase situado na capital do concello de Navia de Suarna. Trátase dun concello situado na área montañosa da Galicia oriental, concretamente na zona setentrional da Serra dos Ancares. Ten unha superficie de 242 km² distribuíndose a súa escasa poboación de forma moi diseminada en 20 parroquias e 103 lugares, feito que provoca unha baixa densidade de poboación.

Trátase dunha comarca moi accidentada na que predomina unha paisaxe montañosa formada polas estribacións da Serra dos Ancares ao Sur e Leste e polas pequenas aliñacións con dirección NO-SE pertencentes ás Serras de Pedruñais e á de Meira na parte occidentais do concello. Estas zonas montañas alternan coa zona formada polo val do río Navia, profundamente encaixado, que cruza o termo municipal de SO a NE no que existe unha ampla zona de terreos aptos para o cultivo.

Demograficamente, o concello de Navia, ao igual que moitos outros concellos da Galicia interior, ven perdendo de forma moi significativa poboación, froito de factores como a dureza das condicións orográficas e climáticas da zona e tamén por factores extrínsecos coma o

proxecto de creación do encoro do Gran Suarna que limitou as posibilidades tanto económicas como demográficas de todo o concello. Na actualidade o seu censo segundo o INE a 1 de xaneiro de 2019 é de 1081 habitantes dos cales 600 son homes e 481 mulleres. Esta poboación está en gran medida envellecida. Outros datos ofrecidos polo INE conforme á revisión do padrón municipal de 2019 son os seguintes.

	Homes	Mulleres	Total
Menores de 16 anos	25	12	37
De 16 a 64 anos	302	226	528
De 65 e máis anos	273	243	516
Poboación estranxeira	11	13	24
TOTAL			1081

2.2 Análise do contexto socioeconómico

Coa excepción ao pequeno comercio da vila de Navia, a base económica do concello baséase sobre o sector primario, fundamentalmente na agricultura e a gandería. A pesar da extensión do concello a superficie cultivada só supón aproximadamente o 11,4%. A superficie adicada a prados e pastos constitúe preto do 10%, mentres que a superficie forestal esténdese case polo 76% da superficie, o que indica a importancia do sector forestal como fonte de ingresos das familias labregas. Outro alicerce da economía navega é o gandeiro destacando o vacún, ovino e porcino. Alén disto, ten certa relevancia tamén o sector forestal, da construción e o sector servizos.

2.3 Características da oferta sociocultural do concello

A oferta cultural e de lecer existente no concello é claramente deficitaria, aínda que existe biblioteca municipal a súa programación de actos culturais é esporádica. Desde o curso 2008-09 creouse unha escola deportiva municipal que ten continuidade na actualidade aínda que con pouca afluencia de alumnado, quizais debido a que a oferta deportiva limítase ao fútbol.

No ámbito festivo destaca a celebración da festa da androlla. Estanse a celebrar dende hai

varios anos a Festa da Troita en Semana Santa e a Festa da Malla no verán. Alén disto celébranse dúas feiras mensuais o segundo domingo e o día 29 de cada mes.

En canto as instalacións e oferta deportiva, a capital do concello conta ademais das deficientes instalacións deportivas do instituto (trátase dun ximnasio que tamén fai as veces de salón de actos que resulta inapropiado polas columnas) un pavillón cuberto municipal a uns 800 metros de distancia do centro, ao que en ocasións acode o alumnado na clase de Educación Física. Os adultos poden asistir a actividades de ximnasia de mantemento e pilates organizados polo Concello e a Asociación de Mulleres Rurais Ledicia para o que o centro docente lles cede as instalacións do ximnasio polas tardes fóra do horario escolar.

Por outra banda, o concello dispón de asistente social a tempo completo durante todos os días da semana. Pero como aspecto negativo sinalar que non dispón de técnico de orientación laboral nin de centros asociados do Servizo Galego de Colocación. Tamén é inexistente a oferta de cursos de formación ocupacional, escolas obradoiro, etc

Na práctica as únicas actividades culturais do alumnado son as que se organizan desde o propio centro escolar, polo que a súa oferta constitúe un dos sinais do mesmo.

3. IDENTIDADE

3.1 Características do Centro.

3.1.1 Datos xerais.

Tipo de centro.....	Centro Público Integrado
Denominación oficial.....	CPI Plurilingüe de Navia de Suarna
Código do centro.....	27007788
Enderezo.....	Pallarón s/Nn (Antes Dr. Monje Juli s/n)
Concello.....	Navia de Suarna
Código Postal.....	27650
Provincia.....	Lugo
Teléfono.....	982 87 06 061
N.I.F.....	Q7755034A
Dirección de correo electrónico.....	cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es
Web.....	http://centros.edu.xunta.es/cpinaviadesuarna

3.1.2 Situación xurídica.

Tipo de centro: Centro Público Integrado.

Titularidade: Consellería de Educación.

A singularidade dos C.P.I.s leva a que dependan da administración educativa e da administración local: O concello de Navia de Suarna ocúpase de consignar as cantidades necesarias para a conservación, mantemento, vixilancia do centro; así como do subministro de electricidade e auga. O/A conserxe depende do mesmo. A Consellería de Educación ocúpase dos gastos de funcionamento, limpeza así coma dos gastos dos servizos complementarios (transporte e comedor). O persoal non docente (administrativo/a) así como o docente (mestres/as e profesores/as) dependen da administración autonómica.

A separación física entre o centro e os distintos lugares de residencia do alumnado supón tamén unha maior dificultade para o achegamento de pais e nais o centro educativo e a súa participación na vida do mesmo. Mesmo a dedicación ao sector primario da maioría da poboación fai que non se conte con horarios estables nos que se poida establecer un tempo de dedicación ao ámbito educativo dos fillos/as e se incremente a separación entre a educación na escola e a educación na familia.

Case a totalidade do alumnado exprésase en galego na súa fala ou comunicación oral.

3.1.3 Oferta educativa, materias de libre configuración e oferta de optativas.

- Educación Infantil (a unidade de infantil está suprimida pero de facto funciona igual)
- Educación Primaria.
- ESO. (Ensinanzas académicas)

Materias de libre configuración e optativas da ESO.

As optativas poden estar suxeitas a variación en función das escollas do alumnado e da plantilla de profesorado que dispoña o centro. Na actualidade as optativas ofertadas son 2ª lingua estranxeira francés nos 4 cursos da ESO, Física e Química e Economía.

No curso 2019-20 as materias de libre configuración do centro en primaria son o reforzo de lingua castelá e galega e na ESO o reforzo da lingua francesa tanto en 1º como en 2º da ESO.

3.1.4 Instalacións

A distribución por planta é da forma seguinte:

PLANTA BAIXA.-

- Ximnasio.- Que fai de salón de usos múltiples.
- Sala de caldeiras de calefacción.
- Aula de Tecnoloxía.
- Espazo de patio cuberto (parte baixa do edificio).

PLANTA PRIMEIRA.-

- Cociña - comedor
- Despacho para reunións cos pais
- Despacho xefatura de estudos de primearia
- Departamento de orientación
- Sala de Profesores
- Espazo administrativo (Dirección, Secretaría, despacho administrativo, sala de conserxe e fotocopiadora.
- Servizos: alumnado, profesorado.
- Laboratorio CCNN e F^a e Q^a.
- Aula usos múltiples
- Aula Educación Infantil.
- Dúas aulas de E.S.O.

PLANTA SEGUNDA.-

- 2 aulas de Educación Primaria
- Aula de inglés
- Aula de educación plástica
- Aula de relixión
- Aula de biblioteca de clase e estudo e usos diversos
- Trasteiro
- Aula de PT
- Biblioteca.
- Aula de Plástica de ESO

- Titorías - Departamentos.
- Xefatura de estudos ESO
- Servizos: alumnado, profesorado.
- Aula de Música.
- Dúas aulas de E.S.O.

3.1.5 Servizos complementarios

3.1.5.1 Comedor escolar

O centro dispón dun comedor escolar de xestión directa que na actualidade está atendido por unha cociñeira e un auxiliar de cociña. A atención e vixilancia está a cargo de nais/pais que escolle, entre os voluntarios, o Consello Escolar.

A/O persoa responsable do comedor escolar (nomeada pola dirección) terá entre outras, facer propostas de melloras de menús. Estes realizaranse de tal xeito que proporcione aos usuarios unha dieta equilibrada, contribúa ao seu mellor desenvolvemento e favoreza a adquisición de hábitos alimentarios saudables. A comunidade educativa será informada dos menus mensuais a través dunha nota e tamén será colgada na web do centro.

O menú será único para todos/as os/as usuarios/ as do servizo de comedor, salvo nos casos de alumnas/os que teñan algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, medicamente documentada. Estes menús serán autorizados polo consello escolar, e estarán xustificadas mediante certificación médica.

Durante o período de comedor, así como nos de lecer anteriores e posteriores a el, o alumnado estará suxeito ás NOFC

Neste período de lecer posterior ao servizo de comedor o alumnado permanece baixo a vixilancia do persoal colaborador e realizará tarefas de saúde bucodental e e poderá facer uso da biblioteca escolar para o que se establecerá unhas quendas de atención rotatorias nas que haberá profesorado responsable.

O Persoal colaborador do comedor

Só poderán ser colaboradores do comedor as nais, pais, titores legais ou acolledores familiares de alumnos/as que estean cursando no curso vixente estudos no centro.

As persoas que colaboren no comedor desempeñarán as funcións que sinala o artigo 9 do Decreto 132/2013, en relación co artigo 8.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007.

O consello escolar, de acordo aos prazos e procedementos establecidos normativa vixente e concretados nas instrucións anuais da Consellería de Educación, escollerá o persoal colaborador do comedor.

3.1.5.2 Transporte

O alumnado do centro, non residente na vila de Navia de Suarna, terá dereito a un servizo de transporte escolar diario e gratuíto que no curso 2019-20 consta de 7 rutas.

O transporte escolar considérase unha parte máis do centro polo que o alumnado estará suxeito as NOFC.

3.1.6 Horarios xerais do centro.

a.-Alumnado

- Alumnado de Infantil e Primaria:

Setembro e xuño: 9:30 a 14:30

De outubro a maio : 9:45 a 13:50 e de 15:40 a 16:30 (luns, martes e mércores) de 15:10 a 16:00 (xoves e venres)

- Alumnado de Secundaria:

Setembro e xuño: 9:30 a 14:30

De outubro a maio : 9:45 a 14:10 e de 14:50 a 16:30 (luns, martes e mércores) de 15:10 a 16:00 (xoves e venres)

b.- Horario para o profesorado

De acordo ao establecido na lexislación vixente na Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.(Modificada pola Orde do 4 de xuño de 2012)

- **Profesorado de EI e EP:** A súa xornada semanal será de trinta e sete horas e media, das cales dedicaranse trinta horas ás actividades do centro con presenza no mesmo. Das ditas horas, 25 terán carácter lectivo, a razón de cinco horas diarias, de luns a venres

- **Profesorado da ESO:** A súa xornada semanal será de trinta e sete horas e media, das cales dedicarán trinta ás actividades do centro con presenza nel. Destas 30 horas semanais, 23 serán de horario fixo no centro educativo. Destas 23 horas, 20 terán carácter lectivo e as tres restantes distribuiranse entre dúas gardas e unha hora de tutoría de pais e alumnos.

c.- Horas e condicións nas que estarán dispoñibles para o alumnado cada un dos servizos e instalacións do centro

-Durante o desenvolvemento dos períodos lectivos os alumnos/as farán uso da súa aula de grupo. No caso de áreas cunha aula específica (aula de informática, aula de tecnoloxía, laboratorio, aula de plástica, aula de música, aula de pedagogía terapéutica, ximnasio, aula de inglés) ou cando se producen desdobres o alumnado de primaria irá acompañado do profesorado correspondente e o de secundaria trasladarase, en orde e procurando facer o menor ruído posible, ata esas aulas.

-Durante o período de recreo o alumnado permanecerá no patio, ou na biblioteca baixo a vixilancia dos respectivos profesores de garda de recreo e profesor/es encargados da biblioteca.

-Os alumnos/as durante os períodos de recreo poderán usar algunha dependencia interior do centro sempre que un profesor os acompañe.

d.- Horas e condicións nas que o centro permanecerá aberto, a disposición da comunidade escolar e de asociacións, entidade local, etc, fóra do horario lectivo

Fóra do horario escolar a dirección do centro de acordo co aprobado polo Consello Escolar na PXA poderá se se cumplan as condicións, emitir un informe favorable, logo de petición formal, para o uso das instalacións por parte de asociación de pais/nais, entidades sociais, culturais ou deportivas locais, etc.)Será necesario que a entidade organizadora se faga cargo da responsabilidade do seu uso e coidado, conte co persoal necesario que supervise e dirixa a actividade que pretende realizar. A petición de uso de instalacións, o informe favorable da

dirección trasladarase á Xefatura Territorial de Educación que finalmente será a encargada de autorizar ou non o uso das instalacións do centro.

e.- Horario de verán

Durante o mes de xullo o centro permanecerá aberto en horario de mañá co persoal administrativo e membros do equipo directivo necesarios para realizar todas as tarefas de remate do curso e de preparación do seguinte, así como para atender as consultas ou trámites de calquera membro da comunidade ou da administración educativa.

3.2 Alumnado.

O CPI Plurilingüe de Navia de Suarna empezou recibe alumnado de todo o concello e dos limítrofes como A Fonsagrada e Cervantes. Debido á súa situación xeográfica tamén recibe alumnado das Comunidades Autónomas de Castilla León e Asturias. Na actualidade non ten ningún centro adscrito despois de ter pechado o CEIP de Donís.

Gran parte do alumnado reside en pequenos núcleos de poboación con baixa ocupación humana e na maioría dos casos eles son os únicos nenos. Non teñen acceso a ofertas culturais, deportivas ou de ocio o que converte ao Centro no seu único lugar de sociabilización. Estes pequenos núcleos de poboación fan que sexa imposible a existencia de equipamentos sociais, culturais e deportivos comparable a un entorno urbano ou semiurbano.

Este problema é cada vez máis difícil de solventar xa que un dos grandes problemas do centro é a continua diminución da matrícula o que está a provocar un verdadeiro drama no que hai xa cursos de primaria nos que non hai alumnado.

3.3 Familias.

A maioría das familias viven en aldeas diseminadas por todo o concello. Son familias extensas nas que adoitan convivir 3 xeracións no mesmo domicilio. Os avós e avoas supoñen moitas veces un forte pilar do sustento económico familiar a través das pensións, aínda que en ocasións debido as elevadas idades levan asociadas condicións de dependencia que condicionan o funcionamento da unidade familiar.

A implicación das familias na vida colectiva do centro é moi escasa, apenas asisten as reunións, nin siquiera as de inicio de curso. Cando teñen algún asunto que tratar acerca da educación dos seus fillos e fillas acuden individualmente falar a través das titorias e da dirección.

Durante os últimos cursos non existiu ANPA. A final do curso pasado produciuse un relevo e esperamos que comece a organizar algún tipo de actividade.

Unha das características que atopamos nalgunhas familias son os avós e avoas os que diariamente se fan cargo dos nenos e nenas ao teren os pais e nais traballos fóra da localidade. Isto condiciona moitas veces o control familiar do traballo e estudo que o alumnado fai ao chegar á casa. Tamen se observa que en determinados casos o alumnado axuda a realizar traballo agrícola e gandeiro.

3.4 Profesorado

Catálogo de postos do centro no curso 2019-20

Etapa	Unidades
Educación infantil	0
Educación primaria	2
ESO	4

E o profesorado dispoñible distribúese:

		Definitivos	Provisional, interino, ...
Educación infantil (con música de afín)	1		X
Educación primaria			
• Especialista inglés	1	X	
• Especialista EF	1		X
Total EI e EP	3	1	2
ESO			
• Lingua e literatura castelá	1		X
• Lingua e literatura galega	1		X
• Inglés	1		X
• CCSS	1	X	
• Física e química	1		X
• Matemáticas	1		X
• Tecnoloxía	1	X	
• Orientador	1	X	
• Educación física (compartido)	1		X
• Francés	1		X
• Pedagogía terapéutica	1		X
• Relixión (non pertence ao claustro)	1		
Total ESO	12	3	8
TOTAL CENTRO	14	4	10

A característica máis salientable do equipo docente do centro e que condiciona moito a elaboración de plans e proxectos a longo prazo e a gran variabilidade da plantilla de ano a

ano, pois a súa maior parte son provisionais, interinos que cambian todos os curso. Esta pouca estabilidade do profesorado complica moito o traballo a longo prazo. Mesmo houbo cursos que non había nin definitivos suficientes para conformar o equipo directivo, tendo que ocupar a xefatura de estudos de secundaria persoal provisional. A pesar disto, o profesorado que se incorpora intégrase na acitividade e dinámica do centro participando activamente na “cultura” do mesmo.

3.5 Persoal non docente.

O persoal non docente do centro está formado por un/ha administrativo/a compartido/a co CPI de Cervantes, dependente da Consellería de Educación, por un/ha conserxe, dependente do Concello,e por un/ha cociñeira (oficial 2º) e un/ha auxiliar de cociña contratadas pola Consellería de Educación.

3.6 Lingua de aprendizaxe e administrativa

Segundo a Lei de Normalización Lingüística o galego, lingua propia de Galicia, é a lingua oficial da Administración Educativa. O noso centro asume o uso do galego en todos os aspectos administrativos e, ademais fomentará o seu uso por parte de toda a comunidade educativa. O centro tamén velará por que se impartan en galego, como mínimo, as materias que a lei de Normalización Lingüística e o decreto 79/2010 que regulan o uso do galego no sistema educativo establecen que estarán concretadas a través do Plan Lingüístico de Centro e na addenda anual da PXA.

Sen prexuízo do fomento e posta en valor da lingua e cultura própia de Galicia, o centro fomentará o plurilingüismo polo que impartirá en educación primaria a materia de educación plástica en inglés. Ademais tamén se potenciará o respecto pola riqueza lingüística e cultural a través de actividades, exposicións, charlas, ... que se concretarán dentro do Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares e do propio Plan de Fomento de Uso do Galego concretado anualmente na PXA.

3.7 Características singulares do centro.

- Centro do rural no que a maioría do alumnado é transportado e vive en aldeas nas que son os únicos menores polo que están bastante illados. O centro supón case o único medio de socialización entre iguais.

- Matrícula moi escasa. As aulas teñen moi pouco alumnado, aspecto que no canto de favorecer os procesos educativos, moitas veces supón un hándicap aos mesmos.
- Non existe ningunha estabilidade de profesorado definitivo no centro. Na práctica case é o equipo directivo os únicos que dotan de continuidade ao centro. Isto dificulta moito a planificación a longo prazo e o deseño e implementación dos diferentes plans e proxectos do centro.
- Pouca participación das familias no centro.
- Escasa oferta sociocultural e educativa para o alumnado na contorna. Como consecuencia unha das características do centro ao longo dos últimos anos e compensar esta pouca oferta cultural coa programación dunha potente organización de actividades complementarias e extraescolares que van desde charlas, concertos, saídas e visitas a obras de teatro, cine, museos, saídas de fin de curso ao estranxeiro (Xenebra, Londres, Oporto, Lisboa, ...)
- Compromiso moi forte ao longo dos anos do centro coa posta en valor lingua, cultura e patrimonio da contorna: publicación de libros, organización de exposicións, ...
- Potenciación desde o centro da iniciativa emprendedora a través de programas como o Proxecto Lanzadeiras (eduemprende), colaboracións con institucións como a Deputación con xornadas e visitas e a empresas que se asentan no rural desde o principio da sustentabilidade e o respecto ao medio, oferta da optativa de economía, charlas sobre cooperativismo agrario, ...

4. VALORES E PRINCIPIOS EDUCATIVOS

4.1 Valores

Potenciar, prioritariamente, os seguintes valores:

- a) A RESPONSABILIDADE entendida como a capacidade de comprometerse libremente na realización de condutas ou actividades que cada quen se impón ou que a sociedade espera de nós, como pode ser a organización do traballo persoal ,a realización de tarefas, o compromiso coas normas, etc.
- b) O ESFORZO e a esixencia persoal como garantía de progreso e superación nun clima escolar ordenado, afectuoso pero esixente, onde o resultado dos procesos de avaliación

sexan reflexo do traballo e dedicación dos alumnos e alumnas na súa aprendizaxe e das expectativas positivas, dedicación e traballo no ensino pola parte dos docentes.

c) A AUTOESTIMA ou valoración e aprecio de si mesmo e das propias posibilidades, e como punto de partida para a estima e respecto cara os demais e cara o entorno.

d) A SOLIDARIEDADE ou capacidade de compartir intereses e necesidades, e de fomentala xustiza entre todos os humanos.

e) COEDUCACIÓN E IGUALDADE DE XÉNERO como principio da práctica pedagóxica e da vida do centro.

4.2 Principios educativos

Traballar na procura dos seguintes principios e fins educativos:

4.2.1 De ámbito pedagóxico:

- Dominio das habilidades instrumentais básicas: A comprensión, a expresión lingüística e o cálculo matemático deberán ser o centro do noso traballo, porque estas habilidades son os fundamentos de aprendizaxes posteriores.
- Plurilingüismo. Partindo da realidade sociolingüística que nos di que os alumnos do centro maioritariamente empregan a lingua galega, procurarase fomentar o plurilingüismo, traballando para que aprecien e usen por igual as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma e que acade a competencia en comunicación lingüística plena tanto oral como escrita en galego e castelán ao mesmo tempo que avanzan no dominio das linguas estranxeiras. Para isto o centro está integrado na rede de centros plurilingües, conta con auxiliar de conversa en inglés, e reforza a 2ª lingua estranxeira (francés) impartindo unha hora máis en 1º e 2º da ESO a través da materia de libre configuración de centro. Asemade potenciarase o achegamento á lusofonía desde a propia materia de lingua galega como de actividades complementarias e extraescolares.
- A aprendizaxe fóra das aulas. Pensamos que os alumnos/as deben aprender en contacto coa realidade polo que potenciaremos:
 - a) As saídas ás rúas, teatros, museos, exposicións, outras cidades e países, etc.
 - b) A participación en actividades festivas, recreativas e culturais.

- Respeitar a pluralidade do alumnado, adaptando a actividade académica á diversidade dos mesmos para que, dentro das súas posibilidades e capacidades, se lles proporcionen os medios para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e os que a continuación, fóra do centro, se propoñan e integrarse na sociedade.
- Desenvolver pautas de conduta baseadas no respecto ás persoas, non discriminación por razón de xénero, raza, relixión, ... e no valor do diálogo para a resolución de conflitos.
- Crear hábitos de estudo e de traballo, educar en habilidades para o desenvolvemento intelectual e instruír na planificación do tempo libre e do lecer.
- Proporcionar apoio e orientación ao alumnado en aspectos persoais, académicos e profesionais.
- Desenvolvemento dunha conciencia social nos alumnos/as mediante o coñecemento da realidade máis próxima (aldea, pobo, vila, cidade, etc.) para que da análise desa realidade xurda unha actitude de respecto polo medio e polas persoas, e un compromiso na defensa dos desfavorecidos, pobres, dos marxinados, dos menos dotados, do medio ambiente, etc.
- Potenciar a comunicación e a convivencia entre os diferentes sectores da comunidade educativa.
- Instruír ao alumnado nun talante reflexivo, baseado na tolerancia e na busca dos valores de liberdade e solidariedade, sempre dentro dos principios democráticos de convivencia.

4.2.2 De ámbito institucional.

- Potenciar a colaboración e o intercambio de información entre pais/nais e os profesores/as, co fin de fomentar unhas relacións que redunden nunha mellor educación do alumnado.
- Establecer canles de diálogo, colaboración e coordinación dentro do noso e con outros centros ou organismos de carácter oficial, social ou educativo.

- Potenciar a colaboración co Concello de Navia de Suarna, coa Deputación e coa propia Consellería de Educación a través da participación nos plans e proxectos que pon en marcha sobre todo naqueles de carácter innovador.
- Potenciar a colaboración con outros centros, especialmente cos da Montaña: Cervantes, Pedrafitas, Courel, A Fonsagrada a través da organización de actividades conxuntas: competicións deportivas, saídas e excursións, xornadas científicas,...

5. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS EDUCATIVOS

5.1.1 Educación Infantil

De acordo ao Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 23 de xuño de 2009 a educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a.- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b.- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c.- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d.- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e.- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f.- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g.- Iniciar nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h.- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i.- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

5.1.2 Educación Primaria

(Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia)

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

a.- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b.- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c.- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.

d.- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e.- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura así como comprender e producir mensaxes orais e escritas, nas dúas linguas, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación.

f.- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g.- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

h.- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

i.- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

j.- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

k.- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l.- Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m.- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n.- Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

5.1.3 ESO

De acordo ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a.- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b.- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c.- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan

discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d.- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e.- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f.- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g.- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h.- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i.- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l.- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m.- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n.- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ.- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o.- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

6. LIÑA PEDAGÓXICA DO CENTRO

6.1 Criterios Metodolóxicos de carácter xeral

Non se pretende a uniformidade metodolóxica. A pluralidade metodolóxica está xustificada por razóns coma o estilo cognitivo do alumnado, as características específicas do currículo que ten que ser aprendido e o estilo persoal do docente. Polo tanto, pensamos que a diversidade de métodos é apropiada porque os obxectivos e contidos de aprendizaxe requiren, frecuentemente, a combinación de diferentes xeitos de ensinar e a variabilidade nos estilos de aprendizaxe do alumnado esixe respostas diversas a través de estratexias metodolóxicas diferenciadas segundo momentos, áreas, contidos, etc.

Así e todo, cremos conveniente acordar algúns criterios metodolóxicos de carácter xeral, que nos permitan buscar a coherencia e coordinación das diferentes intervencións no noso proceso didáctico que permitan que o noso alumnado acade as competencias básicas:

- Non é posible ser competente se a aprendizaxe dos compoñentes foi só de carácter memorístico, mecánico, algo que se repetiu no ensino herdado.
- É necesario modificar prácticas educativas tradicionais, e facer fincapé no “saber facer”, nas competencias.
- Non existe unha metodoloxía única para desenvolver as competencias básicas , empregaranse múltiples estratexias metodolóxicas en función dos obxectivos e as características do alumnado.
- Para acadar as competencias básicas utilizaranse estratexias metodolóxicas tales como:

- a) Potenciación da lectura e o tratamento da información como estratexia de aprendizaxe.
- b) Potenciación o traballo cooperativo
- c) Coordinación metodolóxica e didáctica dos equipos docentes.
- d) Procura, selección e utilización de materiais curriculares e recursos didácticos diversos.
- e) Diversificación das situacións e instrumentos de avaliación e potenciación do seu carácter formativo.
- f) Uso integrado das TIC tanto a través do E-Dixgal como doutras ferramentas tecnolóxicas.
- Poñerase o acento naqueles estándares de aprendizaxes que se consideran imprescindibles, desde unha formulación integradora orientados á aplicación en diferentes situacións e contextos.
 - Priorizarase a reflexión, a aprendizaxe crítico e a aplicación do coñecemento fronte á aprendizaxe memorístico.
 - Procurarase a alternancia de diferentes tipos de actuacións, actividades e situacións de aprendizaxe, tendo en conta as motivacións e os intereses do alumnado.
 - Potenciarase unha metodoloxía investigadora e a participación activa dos alumnos e alumnas na súa propia formación.
 - Prestarase atención á diversidade de capacidades e personalidades do alumnado.
 - Entendemos a aprendizaxe coma un proceso continuo, no que o alumno ou alumna será o protagonista da súa propia aprendizaxe. Non lle daremos as cousas feitas, senón que deberá investigar, relacionar, sacar conclusións... para construír a súa propia aprendizaxe.
 - Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado e dos seus coñecementos previos para asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
 - Deberemos atender preferentemente a funcionalidade das aprendizaxes, intentando que poidan ser utilizadas en situacións reais nas que o alumno/a as necesite. Para isto deberemos deseñar aprendizaxes motivadoras para o alumnado proporcionándolle situacións de aprendizaxe que teñan sentido na súa vida.

- Partimos da base de facer un esforzo por atender a cada alumno ou alumna dunha forma o máis personalizada posible, a través dun seguimento individualizado do seu progreso e das súas necesidades.
- A metodoloxía aplicada será activa, de maneira que o alumnado non sexa unicamente un receptor pasivo, senón que observe, reflexione, realice, participe, investigue, constrúa, etc., preocupándonos por desenvolver, ata onde nos sexa posible, unha metodoloxía de investigación e descubrimento e reducindo os temas e momentos necesarios a exposición ou explicación.
- Entedemos que a orde e a disciplina, a constancia e a autoorganización son necesarios tanto para os procesos de aprendizaxe como para a vida en xeral.
- Potenciaremos ao máximo a comprensión do que se estuda ou aprende, xa que na medida en que “se comprende” realizaranse aprendizaxes significativas; isto non supón descoidar en ningún intre a “memoria comprensiva”, xa que é necesaria e imprescindible para a aprendizaxe.
- Teremos especial coidado en non caer no activismo absurdo, onde o alumnado realice tarefas de forma irreflexiva e mecánica. Neste senso, propiciaremos a través de actividades a análise e a elaboración de conclusións con respecto ao traballo que se está realizando.
- Todo o profesorado das diferentes etapas realizará unha avaliación inicial, polo menos ao comezo de cada curso, co fin de adaptar o ensino ás peculiaridades e nivel de cada un dos alumnos e alumnas e do grupo.
- Tratarase o error coma fonte de aprendizaxe e non só coma obxecto de sanción, tendo en conta que a partires do recoñecemento, análise e corrección deste pódese mellorar.
- Empregaremos o traballo en grupo dos alumnos e alumnas coma método importante de aprendizaxe.
- Valorase a gran importancia das actividades complementarias e extraescolares na formación das persoas polo que serán potenciadas.

6.2 Criterios xerais sobre a elaboración das programacións didácticas

Cada xefe de departamento (na ESO) ou profesor especialista e de nivel na EP e/ou coordinador de EI elaborará as programacións das materias que imparta para cada curso que será entregada ao xefe/a de estudos da etapa correspondente nos prazos que se determinen no claustro de inicio de curso.

Tal e como vén recollido na lexislación vixente as programacións didácticas deberán incluír, cando menos os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 1º. Temporalización.
 - 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- j) Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

l) Medidas de atención á diversidade.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Elaboración dun resumo para o alumnado e familias con toda a información referida a avaliación de cada materia

Asemade os departamentos e os profesores de área de EI e EP elaboraran un resumo breve das programacións no que aparezan: os criterios de avaliación, grao de consecución mínima dos estándares de aprendizaxe, instrumentos e procedementos de avaliación, número de e temporalización das probas, peso relativo dos diferentes apartados na avaliación na cualificación final, forma de recuperación de materias pendentes, valoración do traballo para a casa, actitude... e calquera outra información relevante do proceso de cualificación, promoción e titulación. Esta información estará exposta publicamente no centro e na web e explicarase ao alumnado e as súas familias.

6.3 Elementos das programacións didácticas do centro

ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN
CONCEPTOS CLAVE DA PROGRAMACIÓN
CONTEXTO
Características do centro e do alumnado.
Obxectivos adaptados ao contexto
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN
Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos
RELACIONAR PARA CADA UNIDADE:
Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares
Grao mínimo de consecución
Peso na cualificación
Instrumentos de avaliación
Temas transversais
METODOLOXÍA DIDÁCTICA:
Estratexias metodolóxicas
Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos
AVALIACIÓN
Avaliación inicial
Procedemento para a avaliación inicial
Avaliación continua
Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar
Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.
Elaboración da nota media
Recuperación dunha proba ou exame
Recuperación dunha avaliación
OUTRAS AVALIACIÓNS
Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente
Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino
Indicadores de logro da práctica docente
Avaliación da programación didáctica
Indicadores de logro sobre a programación didáctica
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
Medidas ordinarias: Organizativas e curriculares. Programas para o alumnado con materias pendentes ou que permanece un ano máis no curso.
Medidas extraordinarias: Organizativas e curriculares
CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE IGUALDADE
CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.
DATOS DO EQUIPO DE NIVEL/DEPARTAMENTO

6.4 Agrupamento do alumnado

O agrupamento do alumnado vén moi condicionado polo reducida matrícula. Por isto en EI e EP están agrupados alumnado de diferentes idades e niveis, aspecto que condiciona a práctica docente. Na ESO están por niveis pero o escaso número fai que moitas veces sexa necesario para determinadas actividades como en plástica, titorias, educación física realizar outros tipos de agrupamentos temporais.

Na aula realizaremos distintos tipos de agrupamentos do alumnado: Para a composición destes agrupamentos guiarémonos polo seguintes criterios:

- Gran grupo, dadas as características do centro pouco utilizado, empregarase para realizar actividades baseadas en métodos de ensino expositivos: conferencias, explicacións xerais, proxeccións de películas ou vídeos, presentacións e planificación do traballo, etc. e, en xeral, para aquelas actividades onde a interacción docente-alumnado sexa menos consistente.

- Pequeno grupo e a parella. É o máis utilizado no centro e utilízase tanto para as exposicións do profesore, como para realizar proxectos de traballo concretos e traballos de investigación; estas agrupacións realizaranse, en xeral, tendo en conta os intereses do alumnado e voluntariamente, dependendo das características dos obxectivos que se queren conseguir e do tipo de traballo que se vaia realizar.

- Traballo individual para as aprendizaxes instrumentais, realización de tarefas

6.5 Os espazos.

A organización do espazo, que expresa a concepción metodolóxica do profesor/a, debe adecuarse ás características específicas do alumnado, ao tipo de actividades que se propoñan e á diversidade de ritmos de aprendizaxe e intereses.

Na organización dos espazos do centro terán en conta os seguintes criterios:

- Cada grupo terá un aula de referencia, onde se impartirán a maioría das áreas e materias, aínda que algunhas actividades se realizarán en espazos específicos, coma a biblioteca, o laboratorio, o ximnasio, a aula de informática, o taller de tecnoloxía,

aula inglés de EP, a aula de plástica de E.P.,

- As aulas disporán, ademais das mesas e cadeiras para o profesor/a e o alumnado, dun espazo no que podan atoparse, dicionarios de galego, castelán, francés, inglés... e serán dotadas de ordenadores portátiles, conexión a internet e na medida do posible pizarra dixital.
- Dentro das posibilidades do centro algunhas areas ou materias impartiranse en aulas específicas onde se situarán os recursos didácticos propios de cada unha delas.

Os espazos comúns:

- Na confección do horario escolar terase en conta a dispoñibilidade de uso dos espazos comúns polas distintas etapas e grupos .

O profesorado:

- O profesorado de E.P. disporá de espazos apropiados e suficientemente equipados para o traballo persoal e as reunións de ciclo.
- O profesorado de ESO non dispón de departamentos propios polo que todos comparten un pequeno habitáculo que realiza esas funcións
- O profesorado disporá da Biblioteca e nas salas de profesores conexión a Internet.

6.6 O tempo. A confección dos horarios

Na organización do tempo e dos horarios procuraremos seguir dentro das posibilidades da plantilla de profesorado coa que contemos os seguintes criterios:

- Distribución das horas lectivas de cada día procurando non concentrar en bloques excesivamente extensos e continuados áreas dunha natureza similar (linguas, por exemplo) e alternando as que promoven enfoques diferentes.
- Ter en conta a coordinación necesaria para o establecemento dos reforzos educativos dentro da aula necesarios en Primaria e Secundaria
- Ter en conta a organización dos horarios de profesores ou profesoras que impartan máis dunha área no mesmo grupo, de modo que poidan levar a cabo actividades que esixan un tempo continuado (horarios consecutivos algún día).
- Distribución das materias durante a xornada segundo o seu grao de dificultade (aproveitamento dos momentos de máxima enerxía para a realización de tarefas de maior dificultade).

- Ter en conta, en secundaria, que naquelas materias que teñan dúas horas lectivas semanais non coincidan estas pola tarde, para evitar que durante setembro e xuño poidan quedar sen horas.
- Teranse en conta algunhas necesidades que poidan presentar algunhas áreas debido á realización de actividades para as que se precise dun tempo máis longo do habitual (laboratorio, talleres...).

6.7 Os materiais e os recursos didácticos.

Serán seleccionados tendo en conta os alumnos e alumnas aos que van destinados e os obxectivos, contidos, etc., fixados nas programacións docentes para cada etapa educativa. Buscarase a diversificación do material que se vaia empregar, potenciando o uso de material que empregue un linguaxe e un vocabulario adecuados ás características e coñecementos do alumnado. En ningún caso se utilizará materiais e recursos que supoñan unha discriminación por razón de sexo, raza ou relixión.

Ao sermos un centro E-Dixgal lóxicamente estár moi presente a utilización dos recursos TIC pero sen menoscabar a utilización doutros soportes e recursos.

6.7.1 Gastos de funcionamento dos titores, departamentos e profesorado en xeral para materiais e recursos didácticos

Non se asignarán asignacións anuais fixas aos diferentes departamentos, titorías, clases... , porén calquera membro do equipo docente para os gastos e necesidades do seu departamento, aula, titoría ... poderán utilizar os recursos orzamentarios do centro. O procedemento para utilizar os recursos do centro será comunicar as necesidades do departamento ou titoría ao equipo directivo, e este como norma xeral, aprobarao sempre que estea xustificado e sexa asumible en termos económicos.

6.8 Os deberes e o traballo para casa

De acordo a lexislación actual sobre o traballo para casa, establecido no Decreto que establece o currículo de primaria:

1. Os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso

das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

2. No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Por isto, desde o centro e co propósito de que os alumnos e alumnas adquiran hábitos de estudo e aprendan a organizarse de forma autónoma o seu traballo persoal poderá proporselle realización dalgunhas actividades fóra do horario lectivo na casa como complemento do traballo que realizan nas aulas.

Os obxectivos do traballo para a casa debe ser os seguintes:

1. Reforzar e consolidar o aprendido nas aulas
2. Contribuir a crear hábitos de traballo diario
3. Contribuír a desenvolver a capacidade de traballo autónomo do alumnado

Coa finalidade de regular as tarefas para a casa do alumnado seguiranse os seguintes criterios xerais que se concretarán anualmente e polo detalle nun apartado PXA:

- Os exercicios e tarefas serán, en xeral, traballos complementarios ou exercicios de repaso; polo tanto, non deberán servir, como norma xeral, para realizar actividades que terían que terse realizadas na clase e que por falta de tempo se pasan á casa.
- Para lograr unha boa coordinación no equipo docente de cada grupo e evitar atafegos improcedentes no alumnado, cada profesor ou profesora calculará aproximadamente canto tempo lle ocupará ao alumnado realizar a tarefa, valorando a adecuación da mesma.
- As tarefas pra a casa terán que ser breves e acordes coa idade do alumnado, máxime tendo en conta que a maioría do alumnado é transportado polo que ao horario escolar hai que engadir o tempo que pasan nos buses, co cal restalles pouco tempo de lecer.
- Deberá evitarse os deberes que unicamente impiquen tarefas mecánicas, repetitivas e

pasivas.

- As tarefas para a casa deben teñen que estar relacionados con contidos curriculares ou habilidades instrumentais previamente traballadas na aula con fin de reforzo das mesmas. Deberían poder ser realizada polo alumnado sen axuda.
- En EP priorizarase tarefas sinxelas, lúdicas e motivadoras relacionadas coas habilidades instrumentais básicas, lectura, escritura, cálculo, lóxica matemática, ...
- Se o profesorado da ESO vai ter en conta o traballo para a casa nas notas da súa área deberá telo contemplado nas súas programacións didácticas e informado ao alumnado e ás súas familias do seu peso no proceso de cualificación.
- Os deberes non deben ser uniformes para toda a aula, polo contrario deben ser diferentes e individualizados en función da capacidade, necesidades, dificultades, características familiares co fin de lograr que o alumnado acade autonomía e autoconfianza na organización do seu traballo.
- Anualmente na PXA concretarase de forma coordinada entre o equipo docente os criterios, tempos mínimos e máximos por idades, áreas prioritarias, ... do que se informará ás familias e ao alumnado tendo en conta as súas achegas.

6.9 Actividades educativas fóra da aula e do centro.

As posibilidades e necesidades da aprendizaxe non se esgotan na aula, nin tampouco nos libros. A situación de illamento na que vive gran parte do noso alumnado fan que este tipo de actividades teñan un carácter prioritario. A través das actividades complementarias, de carácter obrigatorio para o alumnado xa que se realizan dentro do horario lectivo, trátase de facilitar a aprendizaxe do currículo e manexar informacións e recursos diversos.

6.9.1 Criterios de selección das actividades complementarias.

Os criterios de carácter xeral que utilizaremos para seleccionar as actividades complementarias serán:

- Terán relación cos contidos impartidos na aula e servirán para complementar e enriquecer a visión e comprensión dos mesmos por parte do alumnado.
- Terán en conta os obxectivos que se consideran prioritarios neste Proxecto Educativo.
- Promoverán propostas e actuacións que favorezan a interdisciplinidade e a relación entre as diferentes áreas e materias.
- Serán particulares e específicas para cada etapa, grupo e nivel en función das

programacións correspondentes.

- Favorecerán o desenvolvemento do sentido crítico e construtivo do alumnado.
- Servirán para familiarizar ao alumnado cos acontecementos culturais externos ao centro.
- Xerarán dinámicas de respecto ás persoas e ao contorno, e fomentarán hábitos e actitudes que permitan unha integración plena do alumnado no medio sociocultural e natural.
- Potenciarán a capacidade de organización e actuación do alumnado.
- Interrelacionarán a aprendizaxe académico coa experiencia e información propiciada polo contorno.

6.9.2 Criterios de organización de actividades complementarias.

A fin de dar un sentido a este tipo de actividades, coordinalas evitando confluencias e facilitar a súa organización e desenvolvemento, utilizaremos os seguintes criterios de organización deste tipo de actividades fora da aula:

Para as actividades no centro:

- Dentro do posible, todas estas actividades deseñaranse no seu sentido xenérico, ao comezo do curso co fin de incluílas na programación xeral anual.
- O profesorado responsable dunha actividade debe velar polo cumprimento do programado, comunicando as incidencias que dificultaran o seu desenvolvemento a fin de evitalas en futuras ocasións.
- O alumnado que participe nunha actividade contribuirá ao desenvolvemento normal da mesma, adoptando unha actitude de respecto e colaboración.
- O/a profesor/a acompañará ao seu alumnado nas actividades que estean organizadas especificamente para o seu grupo e que se desenvolvan en horario de clase ou titoría.
- O alumnado ten a obrigaón de asistir ás actividades programadas para o seu grupo e que se desenvolvan durante as horas de clase ou titoría.

Nas actividades fóra do centro:

- Para a realización de calquera actividade fóra do centro deberá cumprirse coa normativa reflectida no noso NOFC e que require da autorización das persoas proxenitoras do alumnado.
- Informarase, con antelación suficiente, aos pais/nais ou responsables, así como ao alumnado participante.
- Para organizar unha actividade fora do centro, esixirase como mínimo a participación dun 75% por cento do alumnado do grupo. Non obstante, debido ao reducido nº de alumnos/as por aula, este criterio poderase aplicar con flexibilidade, cando a actividade teña suficiente interese didáctico. Aqueles alumnos/as que non participen na actividade deberán ser debidamente atendidos no Centro.
- Procurarase que acompañen ao alumnado, ben profesores/as que lles dean clase ou ben aqueles que teñan algunha relación coa actividade.
- O alumnado que participe neste tipo de actividades fóra do centro asumirá o compromiso de asistir a todos os actos programados.
- As actividades fóra do centro poderán esixir algún tipo de pequena achega económica por parte das familias. Porén desde o centro arbitrarase as medidas necesarias para evitar calquera discriminación na participación destas actividades por razóns económicas das familias.

Como norma xeral, procurarase que como máximo haxa unha actividade complementaria ou extraescolar por semana. Tamén se evitará a súa realización nas dúas últimas semanas de cada avaliación.

6.9.3 As actividades extraescolares.

Un centro educativo non pode limitar as súas actividades ás estritamente académicas, senón que convén dar cabida a outras que permitan proporcionar ao alumnado outras experiencias, así como dar pautas para unha ocupación rica do tempo de ocio, contrastar valores... Esta oferta de actividades extraescolares, de carácter voluntario para o alumnado xa que se realizan fóra do horario lectivo, aínda que non forma parte do currículo obrigatorio, debe ter unha orientación coherente cos obxectivos xerais da etapa e, en certa medida, contribuír á súa aprendizaxe en situacións novas.

7. LIÑAS XERAIS SOBRE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

De acordo ao Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia as características da atención á diversidade nos centros deberá ter en conta entre outros os seguintes aspectos:

1. “A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.”

Os principios básicos que guiarán a atención á diversidade no centro serán:

- 1) A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, e polo tanto as decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión do centro deben responder ás necesidades características persoais de todo o alumnado.
- 2) Os procedementos para concretar as posibles actuacións e medidas de atención á diversidade están recollidas no Plan xeral de atención á diversidade que forma parte do PEC e serán concretadas anualmente na PXA. Por outra parte, dentro de cada área as programación docentes tamén deberán incluír un apartado no que consten as «Medidas de atención á diversidade».
- 3) Na resposta educativa á diversidade daránselle prioridade ás medidas de carácter ordinario enormalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

As liñas de acción prioritarias de atención á diversidade do centro irán orientadas a:

- Priorizar as accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Estimular a colaboración a través de reunións cos titores, orientador, ... coas familias do alumnado que presente dificultades de cara a procurar solucións comportadas desde o centro e as casas.
- Potenciar a acción tutorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Adecuar principios metodolóxicos que contemplan as necesidades educativas dun alumno/a nun momento determinado do seu proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Adecuar tamén a secuencia de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ás peculiaridades da aula, tendo presente ós alumnos/as con Necesidades Educativas Especiais para a realización de Adaptacións Curriculares.
- Diseñar actividades amplas que teñan diferente grao de dificultade, e que permitan diferentes posibilidades de execución e expresión.
- Adecuar os criterios, procedementos, instrumentos e técnicas de avaliación ás peculiaridades da aula, especialmente para aqueles alumnos/as con NEAE.

7.1 Programa de recuperación para alumnado con materias pendientes e que non promocióne

De acordo á lexislación o alumnado que promocióne coas instrumentais básicas superadas e con outras materias suspensas ou permaneza un ano máis no curso deberá realizarse un programa específico de recuperación.

As ensinanzas do programa de recuperación de materias pendientes estarán baseadas nos mínimos esixibles do curso correspondente e a súa avaliación corresponderalle ao profesorado que imparta o dito programa.

Se existe profesorado no centro que non teña o seu horario lectivo completo, poderá colaborar co profesor da área pendente e o PT no desenvolvemento do programa de recuperación. O profesor/a da área pendente deberá realizar na súa programación unha planificación das actividades que levará a cabo para que o alumnado recupere dita materia:

- Actividades e temporalización.
- Recursos materiais e humanos
- Sistema de avaliación (traballos periódicos, examesparciais, exame final, etc.)

Nestes plan específicos para o alumnado con materias pendientes e alumnado repetidor debería contemplarse algúns destes aspectos:

- Necesidades e dificultades do alumnado derivadas da avaliación inicial.
- Obxectivos, actividades,temporalización, instrumentos e procedementos de avaliaación e cualificación.
- Plan específico para reforzar as habilidades instrumentais básicas de selo caso.
- Medidas de atención á diversidade máis acaída
- Recursos materiais e humanos: apoios PT, orientador, ...
- Mecanismos de colaboración e información periódicas coas familias.
- Seguimento das actuacións para avaliar o grao de consecución dos obxectivos do programa.

8. TRATAMENTO TRANSVERSAL DOS VALORES

No centro ademais de traballar de forma transversal todos os contidos que contemplados: educación moral e cívica, educación para a paz, educación para a saúde, educación para igualdade entre os sexos, educación sexual, educación medioambiental, educación para o consumidor e educación vial. Pero abordaremos de xeito especial en todas as etapas e cursos (adaptados ás idades do alumnado) os seguintes:

- **Defensa e respecto e coidado do medio ambiente:** Desde todo o centro traballarase na defensa do medio ambiente, a través de todas as áreas e a través de actividades específicas de sensibilización sobre a defensa dos animais, a reciclaxe, o cambio climático, ...
- **Capacidade de emprendemento e iniciativa persoal:** fomentarse no alumnado a capacidade de iniciativa e emprendemento, tanto a través da participación no Proxecto Lanzadeiras Miniempresas, charlas, visitas a empresas e cooperativas
- **Educación para a igualdade e coeducación:** a educación en valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por raza, clase social, sexo orientación sexual ou calquera outra condición.
- **Defensa e valoración do medio rural en xeral e da Montaña en particular,** da súa cultura, patrimonio etnográfico, historia, forma de vida así como dunha defensa activa do seu futuro, propoñendo ao noso alumnado exemplos de desenvolvemento rural sostible.
- **Promoción de valores democráticos de participación** na vida do centro co obxectivo de formar cidadáns e cidadanas críticas e comprometidas cos valores democráticos e coa defensa dos máis febles, rexeitando as inxustizas, as desigualdades, a guerra, o deterioro do medio, etc. Promovendo e dotando ao alumnado de recursos para a xestión e solución dos conflitos.
- **Defensa e posta en valor da lingua galega** como ferramenta lingüística válida en calquera ámbito de relación social e do coñecemento, ao mesmo tempo que estimularemos o coñecemento e o desenvolvemento de actitudes de respecto e defensa do plurilingüismo en xeral e das linguas minorizadas do estado en particular.

- Fomento de hábitos relacionados cunha **dieta saudable e coa práctica da actividade física** de forma sistemática e dos beneficios que destas se derivan fronte aos hábitos sedentarios da sociedade actual e a comida “basura” dietas ricas en grasas trans e azucares e pobres en frutas e vexetais.

9. A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

9.1 Criterios xerais sobre avaliación, promoción e titulación

9.1.1 Definición de obxectivos, contidos, competencias básicas, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis.

- Os **obxectivos** fan referencia aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- Os **contidos** son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.
- As **competencias** son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- Os **criterios de avaliación** son referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada área, materia ou disciplina.
- Os **estándares de aprendizaxe avaliábeis** son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables

9.1.2 A avaliación e promoción na Educación Infantil.

O marco lexislativo para a avaliación na Educación Infantil son o **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil e a **Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Na etapa da educación infantil, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.
2. A avaliación nesta etapa debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación e indicadores observables específicos de cada unha das áreas: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento do contorno e area de linguaxe, comunicación e representación
3. As persoas profesionais que desempeñan o seu labor na educación infantil avaliarán, ademais dos procesos de aprendizaxe, a súa propia práctica educativa.
4. As familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso das nenas e dos nenos, e as canles que se creen para este efecto terán que facerse explícitas

Promoción na Educación Infantil

No ano no que cumpre os 6 anos o alumnado de E. Infantil promocionará a E. Primaria, aínda que poderá permanecer un ano máis no segundo ciclo de educación infantil o alumnado con necesidades educativas especiais ao cal se lle autorizase a permanencia dun ano máis no citado ciclo.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal nos termos que determine a Administración educativa, con carácter excepcional poderá flexibilizarse de modo que poida anticiparse un curso o inicio da escolarización na etapa da educación primaria, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización.

9.1.3 A avaliación na Educación Primaria.

Os criterios e estándares de avaliación do alumnado serán os recollidos no DECRETO 105/2014 polo que se establece o currículo da educación primaria e regularase conforme ao establecido ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria en Galicia.

A avaliación na educación primaria realizarase atendendo aos seguintes criterios xerais:

1. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas. Terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas.
2. Na avaliación serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.
3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014
4. Os criterios de avaliación relacionaranse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios - eses estándares de aprendizaxe conectaránse coas competencias clave - os criterios de avaliación describirán o que se pretende lograr en cada disciplina. Os contidos non son máis que os medios para alcanzalos e non poden constituírse polo tanto no referente da avaliación.
5. Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno ou alumna non progresa adecuadamente, o centro educativo, tan pronto detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquira as aprendizaxes necesarias para continuar o proceso educativo.
6. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.
7. O centro establecerá as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
8. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o profesorado de cada materia elaborará

anualmente un breve resumo dos criterios de avaliación e promoción, estándares avaliábeis, instrumentos de avaliación, peso na nota das diferentes instrumentos, os procedementos para recuperar as materias pendentes, ... que serán públicos (na web do centro, no taboleiro e nas aulas,..) e se comunicará ás familias nas reunións de inicio de curso.

9. O alumnado repetidor e con materias pendentes deberá elaborarse un plan específico de recuperación.

10. O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do alumno ou da alumna, coordinado polo titor ou a titora, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste. Contarán co asesoramento do departamento de orientación que a través do seu xefe asistirá as sesións de avaliación ordinarias e extraordinarias.

9.1.3.1 Criterios de avaliación e promoción na EP

Lexislación aplicable:

DECRETO 105/2014 polo que se establece o currículo da educación primaria.

ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.

Aspectos xerais sobre a avaliación na EP:

- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora. Terá en conta o seu progreso no conxunto de todas as áreas do currículo.
- A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo recollidos todos eles no Decreto 105/2014 e na concreción feita no Proxecto Educativo e nas programacións didácticas de cada área.
- Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014.
- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os

coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora

- Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.
- No marco do proceso de avaliación continua, a cualificación das áreas será decidida pola mestra ou mestre que as imparta. Na área de educación artística, a cualificación será decidida tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto da área. No caso de que unha das materias que compoñen esta área estea suspensa prevalecerá este suspenso.
- Avaliación Inicial. Ao comezo de cada curso e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completaráse coa información obtida das familias. Esta avaliación inicial deberá ser o referente para adecuar as programacións didácticas as características e necesidades detectadas.
- No mes de outubro realizarase unha sesión de avaliación inicial, e logo desta farase a reunión coas familias nas que se proporcionará información resumida sobre as programacións, criterios e procedementos e instrumentos de avaliación, necesidades e características dos grupos e se concertarán citas para tratar os casos individuais.
- Haberá 3 sesións de avaliación, cuxas datas serán determinadas no primeiro claustro do ano. Estas sesións serán presididas pola persoa titora, quen levantará unha acta en que consten as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e do alumnado e os acordos adoptados en relación co grupo ou en relación cos alumnos e coas alumnas.
- Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4
- Suficiente: 5
- Ben: 6
- Notable: 7 ou 8
- Sobresaliente: 9 ou 10

Avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, (TDAH, dislexia, ...) a adaptación das condicións de realización dos procedementos, instrumentos, recursos e tempos e formas de avaliación, de forma que se garanta unha obtención fiable da información deste alumnado referente aos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe xerais.
- Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

Promoción de curso en EP

- Ao remate de cada un dos cursos e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestras e mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora.
- O alumnado promocionará ao curso seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte a súa idade.
- Accederá igualmente ao curso seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso ou etapa. É dicir poderán promocionar con materias suspensas nas condicións aquí recollidas.
- Promocionará por imperativo legal o alumnado que xa teña repetido un curso en E.P.

Non promoción de curso en EP

- 1) A non promoción de curso é unha medida extraordinaria.
- 2) Só se aplicará ao alumnado que unha vez esgotadas todas as medidas de atención á diversidade ordinarias de reforzo e apoio debidamente acreditadas e rexistradas, teña suspenso, e polo tanto non acade os obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas nas áreas instrumentais que consideramos indispensables para seguir satisfactoriamente os seguintes cursos, galego, castelán e matemáticas.
- 3) Polo tanto non promocionarán o alumnado que a pesar de ter recibido apoio e reforzo teña suspensas:
 - As dúas linguas (galego e castelá)
 - Unha soa das linguas (galego ou castelán) e matemáticas
- 4) Non promocionará se ten 3 ou máis materias suspensas.
- 5) De xeito excepcional, o equipo docente na xunta de avaliación poderá autorizar a promoción dun alumno ou alumna que se atope na situación descrita no punto 3) ter suspensas galego e castelán ou unha das linguas máis matemáticas; ou no punto 4) ter 3 materias suspensas. Esta será unha medida moi especial que se tomará cando as circunstancias do alumno/a aconsellen e que debe contar coa unanimidade de todo o profesorado do alumno/a (non sendo válida abstención). Para levar a cabo esta promoción de carácter excepcional o equipo docente deberá considerar que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica.
- 6) O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, sempre e que se teña esgotadas as medidas de reforzo e apoio ordinarias que deberán estar debidamente acreditadas e rexistradas, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación

Promoción á educación secundaria obrigatoria.

- O alumnado promocionará á etapa de educación secundaria obrigatoria se alcanzou o desenvolvemento adecuado das competencias básicas, os obxectivos da educación primaria e un adecuado grao de madurez.
- Accederase igualmente cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa. Neste caso, a persoa titora, no

informe persoal, precisará as dificultades presentadas e os obxectivos non acadados e competencias básicas non desenvolvidas, así como as medidas de reforzo e apoio adoptadas ata ese momento e as necesidades e medidas que se preveen necesarias para 1º da ESO.

- Promocionará por imperativo legal o alumnado que xa teña repetido un curso en E.P.

Non promoción á educación secundaria obrigatoria.

1. A non promoción de etapa á ESO é unha medida extraordinaria.
2. Só se aplicará ao alumnado que unha vez esgotadas todas as medidas de atención á diversidade ordinarias de reforzo e apoio debidamente acreditadas e rexistradas, teña suspenso, e polo tanto non acade os obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas nas áreas instrumentais que consideramos indispensables para seguir satisfactoriamente os seguintes cursos, galego, castelán e matemáticas.
3. Polo tanto non promocionarán o alumnado que a pesar de ter recibido apoio e reforzo teña suspensas:
 - As dúas linguas (galego e castelá)
 - Unha soa das linguas (galego ou castelán) e matemáticas

9.1.4 A avaliación na ESO

Os criterios e estándares de avaliación do alumnado serán os recollidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria.

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III ao Decreto 86/2015.
2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo

educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

3. A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

4. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

5. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

6. O profesorado establecerá nas súas programacións e na súa práctica docente as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

5. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os departamentos didácticos de cada materia elaborará anualmente un breve resumo dos criterios de avaliación e promoción, estándares avaliáveis, instrumentos de avaliación, peso na nota das diferentes instrumentos, os procedemento par recuperar as materias pendentes, ... que serán públicos (na web do centro, no taboleiro e nas aulas,..) e se comunicarán ás familias nas reunións de inicio de curso.

6. O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do alumno ou da alumna, coordinado polo titor ou a titora, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste. Contarán co asesoramento do departamento de orientación que a través do seu xefe asistirá as sesións de avaliación ordinarias e extraordinarias.

7. Ao alumnado repetidor e con materias pendentes deberá elaborarselle un plan específico de recuperación.

8. Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno ou alumna non progresa adecuadamente, o centro educativo, tan pronto detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquira as aprendizaxes necesarias para continuar o proceso educativo.

9. Como norma xeral, o alumnado non terá como máximo dúas probas escritas cada xornada, prestando especial atención ás dúas últimas semanas de cada avaliación. Non teñen esta consideración as probas de lectura nin pequenos controis orais ou escritos sobre partes reducidas da materia.

9.1.5 Criterios de avaliación, promoción e titulación na ESO

Legislación aplicable:

- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria. (artigo 23)
- **Real Decreto 562/2017**, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- **Resolución do 9 de xuño de 2017 da D.X.E.F.P** e I.E. para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en ESO e modelo de Consello Orientador da ESO.

As pectos xerais sobre a avaliación na ESO

- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, terá carácter formativo e orientador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo. Permitirá detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia,

incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

- A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo recollidos todos eles no Decreto 86/2015 e na concreción feita no Proxecto Educativo e nas programacións didácticas de cada área.
- Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 86/2015
- Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.
- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.
- Avaliación Inicial. Ao comezo de cada curso e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completaráse coa información obtida das familias. Esta avaliación inicial deberá ser o referente para adecuar as programacións didácticas as características e necesidades detectadas.
- No mes de outubro realizarase unha sesión de avaliación inicial, e logo desta farase a reunión coas familias nas que se proporcionará información resumida sobre as programacións, criterios e procedementos e instrumentos de avaliación, necesidades e características dos grupos e se concertarán citas para tratar os casos individuais.
- Haberá 3 sesións de avaliación, cuxas datas serán determinadas no primeiro claustro do ano. Estas sesións serán presididas pola persoa titora, quen levantará unha acta

en que consten as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e do alumnado e os acordos adoptados en relación co grupo ou en relación cos alumnos e coas alumnas.

- Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:
 - Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4
 - Suficiente: 5
 - Ben: 6
 - Notable: 7 ou 8
 - Sobresaliente: 9 ou 10

Avaliación do alumnado con necesidades específica de apoio educativo.

- A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, (TDAH, dislexia, ...) a adaptación das condicións de realización dos procedementos, instrumentos, recursos e tempos e formas de avaliación, de forma que se garanta unha obtención fiable da información deste alumnado referente aos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe xerais.
- Na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes á educación secundaria obrigatoria con adaptacións curriculares significativas a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e competencias básicas fixados nas adaptacións curriculares.
- A efectos da obtención do título de Graduado en Secundaria seguiranse os mesmos criterios que para o resto do alumnado tendo en consideración os obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias básicas da etapa. De xeito que para a titulación é necesario ter adquiridos os obxectivos e competencias básicas de 4º ESO.

Promoción de curso:

- As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.
- Promocionará ao curso seguinte todo alumno/a que, na sesión de avaliación ordinaria, teña superado os obxectivos de todas as materias cursadas incluíndo as materias pendentes.
- Promocionará todo alumno/a que na sesión de avaliación extraordinaria teña superado os obxectivos de todas as materias cursadas incluíndo as materias pendentes.
- Igualmente promocionará de curso o alumnado que na sesión de avaliación extraordinaria teña avaliación negativa en dúas materias como máximo sempre e cando non sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Matemáticas.
- Promocións excepcionais, de forma extraordinaria poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:
 - 1) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Matemáticas.
 - 2) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
 - 3) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.
- Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa

evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

- Para as decisións de promoción extraordinaria con 3 materias pendentes, ou con 2 materias sendo simultáneas Lingua Galega e Matemáticas, ou Lingua Castela e Matemáticas teráse en conta tamén a existencia de situacións familiares persoais ou familiares que puideran influir no rendemento do alumno ou alumna, así como a súa actitude, esforzo, interese, grao de progreso na superación das dificultades de aprendizaxe de partida. Neste caso pasaríase a realizar unha votación entre os membro do equipo docente con voz e voto na sesión de avaliación dese alumno, non sendo posible a abstención.
- Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.
- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.
- Promocionará por imperativo legal de curso o alumnado xa repetidor dese curso, ou que xa teña repetido dúas veces na etapa.
- O alumnado que promocióne sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.

Non promoción:

- Non promocionará o alumnado que logo da avaliación extraordinaria teña tres materias pendentes ou dúas cando sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas ou Lingua Castela e Matemáticas. Agás os casos contemplados no apartado anterior referidos as promocións extraordinarias.
- Cando a segunda repetición dentro da ESO se produza en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

- As repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas. Son medidas que deberán obrigatoriamente ir acompañadas dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

Criterios para a titulación en Graduado en Educación Secundaria

Para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria requírirase:

- Ter avaliación positiva en todas as materias, ou negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Matemáticas e neste último caso, sempre e cando o equipo docente, considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxetivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.
- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos considéranse materias distintas.

A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresadas nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A estes efectos, a situación de “non presentado” (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia en proba ordinaria.

9.2 Criterios para asignar matrículas de honra e mencións honoríficas

De acordo coa lexislación vixente a asignación de matrículas de honra e mencións honoríficas pode concederse ao 5% do alumnado matriculado en 4º de ESO e 6º de EP respectivamente.

Mención honorífica en Educación Primaria: para que unha alumna ou alumno sexa proposto para unha Mención Honorífica en Educación Primaria deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Ter superadas todas as materias da educación primaria
- Obter sobresaliente ao rematar educación primaria nunha ou en varias áreas.
- Demostrar un rendemento académico excelente na educación primaria para o cal será determinado a través de ter obtido unha nota media igual ou superior a 8,5.
- No caso de ter superado situación persoais e/ou familiares de especial dificultade poderase obter a Mención Honorífica cunha media na etapa de 8.
- En caso de empate entre varios candidatos o equipo avaliador votará a asignación da Mención Honorífica.

Matrícula de honra en 4º da ESO. para que un alumno/a teña unha Matrícula de Honra deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Obter na educación ESO unha nota media igual ou superior a 9
- En caso de empate entre varios candidatos o equipo avaliador votará a asignación da Matrícula de Honra.

A proposta de matrícula de honra e mención honorífica farase constar na acta de avaliación.

9.3 Tipos e momentos da avaliación

A avaliación é un proceso continuo, que se realiza de forma paralela ao proceso educativo, polo que, neste centro estruturarémolo da seguinte maneira:

9.3.1 Avaliación inicial

Ao comezo de cada ciclo o equipo docente levará a cabo unha avaliación inicial que permita determinar o punto de partida do proceso de ensino aprendizaxe. A este efecto deberá terse en conta o Informe de Avaliación Individualizada que emitira o profesorado do ciclo anterior e realizaranse intercambios de opinión e información entre o profesorado do curso anterior e do actual coa finalidade de non empezar de cero no coñecemento do alumnado.

A importancia da avaliación inicial radica en poder situar os coñecementos, o nivel de dominio e as habilidades que teñen os alumnos e as alumnas antes de iniciar un novo aprendizaxe.

9.3.1.1 Avaliación continua

Durante o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe faremos un seguimento e

avaliación continua que permita unha modificación, adaptación e mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.

A avaliación continua dos aprendizaxes do alumnado realizarase tomando en consideración:

- Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe das áreas.
- A consecución das competencias básicas.
- As condicións específicas de cada alumno e alumna, facendo fincapé especialmente en aspectos relacionados con:
 - ✓ Integración no grupo (en relación cos compañeiros e compañeiras, co profesorado...).
 - ✓ Actitude e hábitos de traballo (iniciativa, capacidade de organizar, constancia, orixinalidade, limpeza...).
 - ✓ Habilidades e destrezas na utilización dos métodos de traballo.
 - ✓ As medidas de reforzo educativo que se vexan necesarias.

9.3.2 Sesións de avaliación: ordinarias, final de xuño e extraordinaria de setembro

As sesións de avaliación son as reunións nas que o equipo docente, coordinado polo profesorado-titor do grupo, co apoio do orientador u orientadora e con presenza dun membro do equipo directivo, preferentemente o/a xefe/a de estudos, consigna documentalmente, previa deliberación colexiada, os resultados das actividades de avaliación levadas a cabo ata a data de cada sesión.

Ao longo do ano académico realizaremos tres sesións de avaliación, que como norma xeral coincidirán co final de cada un dos tres trimestres do curso. O calendario das sesións de avaliación será aprobado no primeiro claustro do ano e será comunicado ao alumnado e as súas familias.

Nestas sesións de avaliación analizarán os resultados académicos con carácter global e individual que servan para:

- Adecuar o desenvolvemento das programacións e os procesos de ensino aprendizaxe aos resultados obtidos.
- Adoptar as medidas de reforzo precisas para o alumnado que o precise
- Adoptar as medidas de colaboración coas familias para intentar solucionar os problemas de rendemento observados.
- Adoptar as medidas precisas sobre dinámicas de grupo

Nas sesións de avaliación final, que se celebrarán no remate do mes de xuño, e da sesión da avaliación extraordinaria en ESO ademais das decisións propias de todas sesións consignaranse, previa deliberación:

- As cualificacións obtidas en cada unha das materias obrigatorias e materias optativas.
- Decidirase a promoción ao curso seguinte ou a permanencia no mesmo ciclo ou curso durante outro ano académico.
- Acordarase o contido dos informes de Avaliación Individualizados.
- No caso de alumnado de 4º de ESO acordarase as propostas de expedición do Título de Graduado en Ensinanza Secundaria ou a permanencia no mesmo ciclo durante outro ano académico.
- O titor oirá ao equipo docente en relación co Consello Orientador sobre o futuro académico e profesional do alumnado.
- O grao de adquisición das competencias básicas
- Constataremos os resultados da aprendizaxe definindo cales son as competencias e as necesidades de cada un dos alumnos e alumnas.

Entre as sesións de avaliación o equipo docente do grupo poderá reunirse sempre que o solicite o titor/a ou profesorado do grupo para analizar o progreso do alumnado, especialmente de aqueles que presenten algunha necesidade específica ou problemas que se produzan no grupo.

9.3.3 Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente

O profesorado avaliará, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas, e co desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) A adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado.
- b) As aprendizaxes e grao de consecución dos competencias acadadas polo alumnado.
- c) As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.

e) A coordinación entre as profesoras e profesores de cada curso, así como entre o profesorado do 1º curso da ESO co equipo de mestras e mestres da etapa anterior coa finalidade de garantir a eficacia necesaria no tránsito dunha etapa a outra.

Os resultados desta avaliación serán analizados na comisión de coordinación pedagóxica na que se tomarán as decisións que fosen consideradas pertinentes e se incorporarán á memoria de cada materia.

9.4 Mecanismos para garantir unha avaliación obxectiva do alumnado

Cando?	Quen?	Que facer?	Ante quen?
Comezo do curso	Dirección	Comunicar as horas de atención a pais/nais.	Alumnado- familia
Comezo do curso	Profesorado	Avaliación inicial	Alumnado
Comezo do curso	Dirección	Facer públicos o contido no PEC: - Criterios xerais de avaliación da aprendizaxe do centro. - Criterios de promoción de curso - Criterios de titulación ESO - etc	CCP e Claustro Alumnado e Familia
Comezo do curso	Xefatura de departamento	Información sobre programación didáctica, que conteña entre outras: - Obxectivos - Contidos - Criterios de avaliación - Mínimos para valoración positiva - Estándares de aprendizaxe - Procedementos e instrumentos de avaliación - Tipo e número de probas - etc	Alumnado e familias
Curso	Profesorado e xefatura de Departamento	Facilitar aclaracións solicitadas sobre o establecido nas programacións	Alumnado e familia
Curso	Profesorado	Facilitar información sobre os instrumentos de avaliación para valorar o proceso de aprendizaxe. Revisar cos alumnos probas, exercicios e traballos usados para a valoración.	Alumnado e familia
Curso	Titor	Facilitar entrevistas cos profesores de área ou materia e os pais/nais	Alumnado e familia
Curso	Titor/a e profesorado	Comunicación fluída referente a valoracións sobre: - Aproveitamento académico - Marcha do proceso de aprendizaxe - Medidas educativas	Alumnado e familia

<p>·Logo de cada avaliación do período lectivo ordinario.</p> <p>Cando as circunstancias o aconsellen</p>	<p>Titor/a dpto de orientación e xefatura de estudos</p>	<p>Informar sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O aproveitamento académico - A marcha do proceso educativo - Plan de recuperación de materias. - Medidas de reforzo e apoio. - Entrega de cualificacións 	<p>Alumnado e familia</p>
---	--	---	---------------------------

Anexo I : Informe de avaliación do profesorado

Anexo II: Informe individualizado de EP

Anexo III: Informe individualizado da ESO